

COMUNICADO Nº 139/23

06 DE XULLO DE 2023

IMAXE CORPORATIVA DEFINITIVA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Definitivamente, esta será a nova imaxe corporativa da Federación Galega de Automobilismo por decisión dos integrantes do equipo directivo.

Despois de avaliar múltiples propostas, e tras valorar as aportacións e críticas respecto da versión publicada hai dous días, acordamos elixir este logotipo para clarificar a marca.

Pensamos que esta marca tipográfica creada a partir das siglas FGA engarzadas cumpre co obxectivo de partida de seguir as tendencias actuais de simplificación da imaxe visual, eliminando elementos do imaxotipo como a rama de Loureiro ou o típico bandeirín de cadros para reforzar a visibilidade das siglas FGA e, sobre todo, para facilitar a súa aplicación nos diferentes soportes, tanto impresos como on line.

A marca elixida emprega unha tipografía en maiúsculas, de corpo grosso, que aporta maior visibilidade ao conxunto na convivencia con outras marcas complementarias ou secundarias. Desde o punto de vista cromático elixiuse o azul escuro como base, aproveitando para reforzar a letra G cun dobre trazo fino coa cor azul celeste da bandeira de Galicia.

Este traballo de restyling do imaxotipo da FGA estase a completar coa elaboración dun amplo manual que establecerá os criterios de utilización das diferentes variantes da marca matriz, que se adaptarán aos diferentes campionatos e especialidades organizados pola FGA.

